

Na páxina 7.783, artigo 5º onde di: «Poderanse realizar a partir do mes de xullo deste ano»; debe dicir: «Poderanse realizar a partir do mes de agosto deste ano».

Na páxina 7.784, artigo 12º.4, no segundo parágrafo, onde di: «O prazo de exposición, consultas e reclamacións terá lugar entre o 1 e o 10 de xuño»; debe dicir: «O prazo de exposición, consultas e reclamacións terá lugar entre o 9 e o 17 de xullo».

Na páxina 7.785, artigo 13º.1 onde di: «O día 30 de xuño, ás 10.00 horas da mañá, convócanse todos os posibles bolseiros para a elección da bolsa de prácticas na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)»; debe dicir: «O día 30 de xullo, ás 10.00 horas da mañá, convócanse todos os posibles bolseiros para a elección da bolsa de prácticas na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)».

Na páxina 7.785, artigo 13º.3 onde di: «Aqueles bolseiros que o día 30 de xuño non comparezan ou non estean representados mediante suficiente acreditación no proceso de elección, entenderase que renuncian á bolsa de prácticas que lles puidese corresponder»; debe dicir: «Aqueles bolseiros que o día 30 de xullo non comparezan ou non estean representados mediante suficiente acreditación no proceso de elección, entenderase que renuncian á bolsa de prácticas que lles puidese corresponder».

Na páxina 7.785, artigo 13º.4 onde di: «Con todos aqueles candidatos que non obtiveron bolsa de práctica, sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta orde e que estivesen presentes o 30 de xuño no proceso de elección, conformarase unha lista de suplentes, ordenada de maior a menor segundo a súa puntuación, para cubrir posibles renuncias ou baixas que se produzan durante o período de duración das bolsas concedidas»; debe dicir: «Con todos aqueles candidatos que non obtiveron bolsa de prácticas, sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta orde e que estivesen presentes o 30 de xullo no proceso de elección, conformarase unha lista de suplentes, ordenada de maior a menor segundo a súa puntuación, para cubrir posibles renuncias ou baixas que se produzan durante o período de duración das bolsas concedidas».

Na páxina 7.785, artigo 14º.2, parágrafo primeiro, onde di: «Cada bolseiro deberase presentar o 2 de xullo no destino onde vai realizar as prácticas, debendo comunicar previamente ao Servizo de Formación Agroforestal, mediante escrito asinado polo interesado a aceptación da bolsa de prácticas concedida, de acordo co establecido nesta orde»; debe dicir: «Cada bolseiro deberase presentar o 1 de agosto no destino onde vai realizar as prácticas, debendo comunicar previamente ao Servizo de Formación Agroforestal, mediante escrito asinado polo interesado a aceptación da bolsa de prácticas concedida, de acordo co establecido nesta orde».

Na páxina 7.785, artigo 14º.2, parágrafo segundo, onde di: «Se non se incorpora antes do 9 de xullo do ano que corre, nin tampouco presenta documentación xustificativa da súa ausencia, entenderase que renuncia á bolsa de prácticas que elixiu»; debe dicir: «Se non se incorpora antes do 7 de agosto do ano que corre, nin tampouco presenta documentación xustificativa da súa ausencia, entenderase que renuncia á bolsa de prácticas que elixiu».

Na páxina 7.785, artigo 14º.4 onde di: «Só se ofertarán aquelas bolsas de prácticas cando a baixa ou renuncia dos bolseiros se produza antes do 15 de agosto deste ano»; debe dicir: «Só se ofertarán aquelas bolsas de prácticas cando a baixa ou renuncia dos bolseiros se produza antes do 15 de setembro deste ano».

Corrección erros.-Orde do 9 de maio de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2007 as axudas para o fomento das frondosas caducifolias.

Advertidos os erros na Orde do 9 de maio de 2007, publicada no DOG nº 93, do 15 de maio de 2007, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 7.915 no artigo 7 onde di: «Investimentos de máis dun 5% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais 20 puntos», debe dicir: «Investimentos de máis dun 50% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais 20 puntos».

Na páxina 7.923, no anexo IV onde di: «Superficie con que participa casa asociado», debe dicir: «Superficie con que participa cada asociado».

Na páxina 7.923, no anexo IV onde di: «Este código farase constar na superficie coa que participa casa membro...», debe dicir: «Este código farase constar na superficie coa que participa cada membro...».

Na páxina 7.921 publícase o anverso do «Anexo I» sen que se procedese á publicación do reverso, polo que procede volver a publicar o anexo I completo:

Esta corrección afecta o prazo de presentación de solicitudes, polo que o prazo comezará a contar desde o mesmo día da publicación desta corrección.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO FOMENTO DAS FRONDOSAS CADUCIFOLIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR671A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

EXPEDIENTE	PROVINCIA ONDE SE LOCALIZAN OS TRABALLOS SUBVENCIONADOS
------------	---

DATOS DO TITULAR DOS TERREOS - BENEFICIARIO

NOME/RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	PARROQUIA	LUGAR	CÓDIGO POSTAL
			TELÉFONO

TIPO DE SOLICITUDE - BENEFICIARIO

COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.
 PROPIETARIO PARTICULAR DE XEITO INDIVIDUAL.
 AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES.
 AGRUPACIÓN DE PROPIETARIOS PARTICULARES LEGALMENTE CONSTITUÍDA.
 PRO INDIVISO (VARIOS PROPIETARIOS).
 COMUNIDADE DE BENS.
 COOPERATIVA AGRARIA.

RELACIÓN DE PARCELAS OBXECTO DO INVESTIMENTO

PROVINCIA	CONCELLO
-----------	----------

CÓDIGO DA PARCELA	DENOMINACIÓN	PARROQUIA	CÓDIGO CONCELLO/AGREGADO	ZONA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO OU SUBPARCELA	CLAVE DA ESPECIE	SUPERFICIE DE ACTUACIÓN	CLAVE DA ACCIÓN

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS E ORZAMENTO

CÓDIGO PARCELA	CLAVE DO TRABALLO	CONCEPTO	Nº UNIDADES	CUSTO UNIDADE	ORZAMENTO INVESTIMENTO

OUTROS DATOS (Marcar o que corresponda)

- Linde con zona húmida (valgada, etc.): 10 puntos.
- Linde con masa de frondosas caducifolias existentes: 10 puntos.
- Linde zona agrícola (pastos, ...): 5 puntos.
- Linde con autopista, autovía ou estrada nacional: 7 puntos.
- Zona concentración parcelaria de uso forestal: 3 puntos.
- Explotación prioritaria: 10 puntos.
- Parcela obxecto dos traballos lindante con infraestrutura forestal (pista forestal, devasas, ...): 10 puntos.
- No caso de que a superficie de actuación conte cun plan de xestión ou ordenación: 5 puntos.
- No caso de cambio de especie forestal en masas de eucalipto e/ou acacias (acacia sp.) en mal estado vexetativo ou sen porvir por culpa das pragas, enfermidades, danos de xeadas ou estación inadecuada onde exista unha masa secundaria de frondosas caducifolias, 20 puntos se se atopa a menos de 50 metros dun núcleo rural ou casa habitada que supoña un perigo en caso de incendio.
- Por cada beneficiario que realizase un curso de formación en tratamentos silvícolas de frondosas: 2 puntos por beneficiario, ata un máximo de 8 puntos por solicitude de axuda.
- Superficie obxecto dos traballos nos concellos máis afectados pola vaga de lumes (ver anexo VI): 20 puntos.
- Agrupacións de propietarios legalmente constituídas: 15 puntos.
- Por cada membro da agrupación de propietarios, do proindiviso (copropietarios) ou da comunidade de bens: 5 puntos.
- No caso de montes veciñais en mancomún que invirtan como mínimo o 15% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais (2003, 2004 e 2005) en melloras do monte, aplicarase a puntuación maior dos tres apartados seguintes:
- Inversións dun 15% a un 30% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais: 10 puntos.
 - Inversións dun 30% a un 50% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais: 15 puntos.
 - Inversións de máis dun 50% dos seus ingresos nos últimos 3 exercicios fiscais: 20 puntos.
- No caso de montes veciñais en mancomún que invirtisen nos últimos 3 exercicios fiscais (2003, 2004 e 2005) un mínimo do 15% dos seus ingresos noutros investimentos, que non sexan no monte pero que vaian dedicadas aos veciños ou teñan un fin social: 5 puntos.
- No caso de montes veciñais en mancomún sen ingresos nos 3 últimos exercicios fiscais (2003, 2004 e 2005): 10 puntos.

SUPERFICIE OBXECTO DE AXUDA DENTRO DA REDE NATURA 2000:

 SI NON

OS TRABALLOS OBXECTO DE SOLICITUDE DE AXUDA NECESITAN EVALUACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL:

 SI NON**Quen abaixo asina SOLICITA:**

As axudas establecidas para o fomento das frondosas caducifolias, declarando baixo a miña responsabilidade que todos os datos son certos e comprométo-me a aportar os xustificantes necesarios para a súa comprobación e aceptar, se é o caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas, e cumprir os compromisos que figuran na lexislación de aplicación.

EXPÓN:

Que autoriza á Consellería para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza á Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, a efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de maio de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2007 as axudas para o fomento das frondosas caducifolias.

SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA